




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Francisco Javier Gestal Pose, alcalde do Concello de Carral, por medio do presente escrito, fai saber:

En virtude do convenio entre XUNTA, FEGAMP, SEAGA en materia de prevención de incendios forestais se informa que:

Realizaranse inspeccións en campo e notificarase ós propietarios das parcelas que limitan cas pistas sinaladas no plano a continuación sen xestionar. Os propietarios contarán cun prazo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da notificación para xestionar a parte afectada das parcelas. Se pasado ese prazo non se actuou nestas, Seaga procederá a realizar os traballos con cargo ao convenio. Os traballos consistirán na roza de mato e a retirada de especies arbóreas non permitidas (piñeiros, acacias, eucaliptos,) nos 4 metros a cada lado das marxes das vías de titularidade municipal aprobadas, para adecualas ás distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. No caso de haber madeira de especies que non poidan estar presentes, os propietarios poderán retirala antes de que remate o prazo indicado. Se é Seaga quen finalmente realice estes traballos a madeira será decomisada polo convenio.



Máis información no servizo de Medio Ambiente do Concello ou no teléfono 981670002.

Carral, 10 de febreiro de 2021.

O alcalde:
Francisco Javier Gestal Pose